

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PORTAS PARA A ADQUISICIÓN DE TERREOS NA ZUCREIRA DESTINADOS A DESENVOLVER ACTIVIDADES DE ÍNDOLE TURÍSTICA E CULTURAL AO AIRE LIBRE

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Portas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Portas para a adquisición por parte do Concello do terreo con referencia catastral 36040A002000380000TG, cunha superficie de 31.423 m² sito no lugar de Estación da parroquia de Portas, cun prezo de adquisición de 546.921,14 €.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e a execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a súa oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

No exercicio das súas funcións, executa as medidas definidas para a promoción e o fomento do sector turístico de Galicia, leva a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos..

Segundo.- O Concello de Portas manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Xunta de Galicia no seu afán de contar cunha superficie máis ampla na que desenvolver as actividades culturais, de lecer e ocio ao aire libre que se veñen desenvolvendo ao longo do ano, polo que ve necesario a adquisición de terreos na parroquia de Portas, para dotar deses servicios á poboación do municipio.

A parroquia de Portas conta cunha parcela denominada Azucreira, formada polo predio coa referencia catastral 36040A002000620000TS, que conta cunha superficie catastral de 40.011,00 m², sito no lugar de Estación, 34 da parroquia de Portas, están clasificados como Sistema Xeral de Equipamentos, coa denominación SXE-DP003, SXE-SA003 e SXE-SA002 e Sistema Xeral de Zonas Verdes, coa denominación SXV-ZV002, dentro do ámbito de Solo Urbano. Nesa parcela desenvólvense na actualidade numerosas actividades (escola infantil, centro de día, auditorio e salas de exposición no edificio da Azucreira, ademais de contar un edificio destinado a piscina municipal, unhas pistas de pádel e un xardín), as cales, contan cos seus espazos abertos ou cerrados diferenciados, deixando pouco terreo libre para desenvolver outro tipos de actividades recreativas, culturais ou de lecer.

Nos últimos anos, estanse a desenvolver numerosos espectáculos públicos e actividades recreativas e culturais, que fomentan o turismo e atraen a un amplo número de visitantes a esta pequena localidade. Estas actuacións precisan dun maior espazo libre para o seu correcto funcionamento, motivo polo cal, o Concello se ve na necesidade de adquirir a parcela colindante, ao ser a única que non se atopa edificada, e que presenta unha superficie suficiente para acoller este tipo de instalacións.

O predio que pretende adquirir o Concello de Portas, conta con referencia catastral 36040A002000380000TG, sito no lugar de Estación da parroquia de Portas.

O ben obxecto de adquisición, atópase clasificado dentro do ámbito de Solo Urbanizable, no marco da ordenanza de aplicación de Solo Urbanizable Delimitado (SUD- 02), no que o seu uso global sería o residencial unifamiliar. Neste caso, para o desenvolvemento do Sector sería preciso a redacción dun Plan Parcial, pero o Concello ten a necesidade de adquirir o predio, non para ese uso, senón para contar cunha maior superficie de terreo



que permita levar a cabo espectáculos públicos, actividades recreativas, de esparcemento, ocio, tempo libre, entretemento, etc..., que se realizan por tempo limitado e para as que non é preciso a execución de ningún tipo de edificación.

Ditas actuacións defínense no Plan Xeral do Concello de Portas como provisionais, as cales, e segundo o artigo 204 "Usos e obras provisionais" do Regulamento, "malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial".

Polo tanto, as actuacións que se pretenden realizar na parcela coa referencia catastral 36040A002000380000TG cumpren cos requisitos da lexislación vixente en materia urbanística.

Terceiro.- Que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Portas de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Portas.

Cuarto.- Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Poio unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

